

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dona , con NIF
 en relación coa solicitude efectuada ao abeiro da Orde do , na cal se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de axudas dirixidas a fomentar a participación e o empoderamento das redeiras de Galicia a través da realización de obradoiros de igualdade.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE: (sinalar cun X o que proceda)

- QUE NON SOLICITEI E NON TEÑO PERCIBIDO AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU DAS ENTIDADES VINCULADAS OU DEPENDENTES DELAS.
- QUE SOLICITEI E SE ME CONCEDERON (OU ESTOU PENDENTE DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN) AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU DAS ENTIDADES VINCULADAS OU DEPENDENTES DELAS, COMO SE INDICA A SEGUIR:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATAS DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "PENDENTE" nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar "DENEGADA".

ASÍ MESMO, DECLARO:

Que non me atopo incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son verdadeiros.

Que autorizo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a realizar as consultas necesarias de ficheiros públicos para os únicos efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

Lugar e data

, de de 200
 (Sinatura)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde conxunta do 8 de maio de 2008, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Innovación e Industria, pola que se convocan premios a recursos educativos para a sociedade da información entre o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos para o ano 2008.

O futuro desenvolvemento social e económico da sociedade galega, inmersa nun mundo cada vez máis competitivo e globalizado, dependerá en gran medida da competencia tecnolóxica das galegas e dos galegos e da súa capacidade de adaptación aos cambios nos xeitos de vida determinados pola sociedade da información.

Un dos piares básicos nos cales se asenta a sociedade do século XXI son as tecnoloxías da informa-

ción e comunicación (TIC) e a súa capacidade para eliminar moitos dos obstáculos tradicionais, tanto económicos como de tempo e distancia, no intercambio e difusión do coñecemento. A Unión Europea é consciente da relación entre a formación dos cidadáns, a súa competencia dixital e a calidade do emprego. Nas conclusións do Consello Europeo extraordinario de Lisboa no ano 2000 facíase fincapé na capacidade das TIC para mellorar a calidade e a cantidade do emprego na Unión Europea, aumentar a competitividade e acadar un maior nivel de vida. Ideas que se reiteraron e ampliaron na comunicación de xuño de 2005 «i2010 Unha sociedade da información europea para o coñecemento e o emprego» onde tamén se sinalaba, entre outras prioridades, a necesidade de incentivar a creación e intercambio a nivel europeo de recursos educativos dixitais de calidade que aproveiten todo o potencial das TIC.

Inserir plenamente Galicia na sociedade da información, garantindo a cohesión social, a preservación

ambiental, cultural e lingüística e o crecemento económico sustentable é un obxectivo prioritario do Goberno galego, plasmado no Plan estratéxico galego da sociedade da información 2007-2010. Nel recóllese que esta transición cara á sociedade da información debe beneficiar todos os cidadáns sen distincións de categoría social, relixión, sexo, raza, lugar de residencia ou condición física.

Para acadar o éxito na adaptación de Galicia á sociedade da información requírese, entre outras actuacións, dunha nova alfabetización que debe ser abordada a través do sistema educativo para chegar ao conxunto dos galegos e galegas. A Lei orgánica de educación fai especial énfase nas competencias básicas e na importancia da súa consecución por parte do alumnado para acadar a realización persoal e unha plena vida adulta. Entre elas, a competencia dixital e a competencia para aprender a aprender resultan imprescindibles para desenvolverse no marco de coñecemento determinado polas redes de comunicación e polo acceso universal a inxentes cantidades de información.

No eido educativo estanse a dotar os centros educativos das infraestruturas necesarias para o uso das TIC, pero ese esforzo debe ser complementado mediante a dotación de contidos educativos suficientes, en cantidade e calidade, para explotar todas as posibilidades destas tecnoloxías e favorecer contornos e metodoloxías de ensino-aprendizaxe innovadoras, ricas e motivadoras. Así mesmo, incentivar a produción e utilización de software libre encaixa co ámbito de actuación descrito previamente, xa que lle permite a unha sociedade acadar a independencia tecnolóxica e facilita a adaptación de aplicacións e recursos informáticos á súa lingua e ás necesidades de todos os seus cidadáns.

Atendendo aos obxectivos mencionados, esta convocatoria, iniciativa conxunta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Innovación e Industria, pretende estimular a creación e o uso por parte do profesorado galego de software libre e de recursos educativos multimedia de contrastada eficacia didáctica, accesibles, axustados aos contidos curriculares vixentes no ensino non universitario e á realidade galega, susceptibles de ser empregados polo profesorado, o alumnado, as familias e calquera cidadán en xeral, á vez que recoñecer o esforzo de adaptación a estas novas ferramentas educativas dos profesionais do ámbito educativo, polo que para tal fin ambas as consellerías

DISPOÑEN:

Artigo 1º.-*Obxectivo.*

O obxectivo desta orde é convocar quince (15) premios a recursos educativos para a sociedade da información, e establecer as súas bases reguladoras, coa finalidade de fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito educativo galego.

Artigo 2º.-*Modalidades, número e dotación dos premios.*

Poderase participar nesta convocatoria por catro modalidades, coa seguinte dotación económica e número de premios:

Modalidade A: ferramentas de autor.

- a) Un primeiro premio de 6.000 €.
- b) Un segundo premio de 4.000 €.
- c) Un terceiro premio de 3.000 €.

Modalidade B: materiais curriculares web e para encerados dixitais.

- a) Un primeiro premio de 6.000 €.
- b) Un segundo premio de 4.000 €.
- c) Tres terceiros premios de 3.000 €.

Modalidade C: galerías de imaxes e vídeos didácticos.

- a) Un primeiro premio de 3.000 €.
- b) Un segundo premio de 2.000 €.
- c) Dous terceiros premios de 1.000 €.

Modalidade D: aplicacións de software libre.

- a) Un primeiro premio de 6.000 €.
- b) Un segundo premio de 4.000 €.
- c) Un terceiro premio de 3.000 €.

Artigo 3º.-*Asignación económica.*

1. A cantidade total destinada a premios é de 52.000 euros. O pagamento das modalidades A e D, por un importe de 26.000 €, farase con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.571A.640.0 da Consellería de Innovación e Industria, e o das modalidades B e C, por un importe de 26.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.423A.640.2 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2008.

2. Os premios poderán ser declarados desertos. Con carácter excepcional e por acordo motivado do xurado, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre algunha das outras categorías e modalidades da convocatoria.

Artigo 4º.-*Destinatarios.*

Poderá participar nesta convocatoria, a título individual ou en grupo, profesorado destinado en centros educativos de ensino non universitario sostidos con fondos públicos. O profesorado participante deberá estar en activo e impartindo ensino en niveis non universitarios.

Artigo 5º.-*Requisitos.*

Os materiais que se presenten por calquera das catro modalidades citadas deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Requisitos xerais.

-Todos os materiais presentados deben ir acompañadas dunha memoria na cal se recolla a exposición e descrición das características técnicas do software

e hardware necesarios para a utilización dos programas, a descrición do procedemento de elaboración do recurso e dos medios utilizados e toda aquela información, tanto a dirixida ao profesorado como dirixida ao alumnado, que se considere relevante para un bo aproveitamento do recurso.

-Os materiais presentados polas modalidades B e C versarán sobre contidos curriculares das diferentes áreas e niveis educativos non universitarios, e presentarán unha guía didáctica integrada á cal se poderá acceder desde o propio recurso (os vídeos tamén virán acompañados da guía didáctica, ben que non necesariamente integrada neles).

-Os materiais deberán ser presentados e desenvolvidos de acordo coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego, fixada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003, agás aqueles que versen sobre as materias de lingua castelá e literatura, que poderán estar en castelán, e lingua estranxeira, que poderán estar no idioma estranxeiro obxecto do traballo. En todo caso, a guía didáctica e a memoria deberán estar obrigatoriamente redactadas en galego.

-Todos os traballos presentados individualmente ou en grupo deberán ser orixinais, non comercializados e non premiados con anterioridade. Non poderán incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais.

-Aos materiais presentados en que aparezan imaxes de menores deberáselles xuntar obrigatoriamente a correspondente autorización para uso da súa imaxe, segundo o modelo que figura no anexo IV, asinada polos pais, nais, titores ou representantes legais dos menores.

-En todos os materiais educativos eliminaranse os estereotipos sexistas ou discriminatorios e fomentárase o igual valor de homes e mulleres.

-No caso de que os autores non dispoñan da plena titularidade dos dereitos do traballo presentado, terán que achegar un escrito asinado polos posuidores destes en que aceptan as bases deste concurso. O feito de que un produto necesite para o seu funcionamento e libre distribución software propietario-comercial e/ou dereitos que non poidan ser cedidos polo concursante será motivo suficiente para a súa exclusión do concurso.

-Na modalidade D-Aplicacións de software libre será obrigatorio a utilización da Forxa de software libre de Mancomún: <http://forxa.mancomun.org/> como plataforma de desenvolvemento da aplicación.

2. Requisitos técnicos.

Ademais de cumpriren estes requisitos xerais, os materiais presentados a concurso deberán cumprir necesariamente os requisitos técnicos que se especifican no anexo V.

Artigo 6º.-*Solicitudes, presentación da documentación e prazo de presentación.*

1. Solicitud:

a) Instancia dirixida á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, asinada polo/a autor/a ou, se é

o caso, polo/a coordinador/a responsable do grupo de traballo, segundo o modelo que figura no anexo I.

b) Certificación do/a director/a do centro educativo no cal estea destinado cada docente, acreditativa de que o/a autor/a ou cada membro do grupo presta os seus servizos como persoal docente no devandito centro, segundo o modelo que figura no anexo II.

c) Declaración xurada ou promesa de estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade dos materiais ou produtos presentados; de que son inéditos ou, polo menos, non foron comercializados, e de que non foron premiados e tampouco se obtivo bolsa para a elaboración dos produtos presentados, nin foron sufragados pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas, segundo o modelo que figura no anexo III.

No caso de que os autores non dispoñan da plena titularidade dos dereitos do traballo presentado, terán que achegar un escrito asinado polos posuidores deses dereitos onde se declare a aceptación das bases desta convocatoria.

d) Copia compulsada do DNI dos participantes e certificación bancaria de que cada participante é titular da conta que declara na solicitude.

e) Autorización, se é o caso, para o uso de imaxe de menores segundo o modelo que figura no anexo IV.

f) Copia impresa da memoria.

g) O material por duplicado en CD-ROM. Nos CD-ROM deberán incluír os códigos fonte dos programas e os ficheiros editables das animacións en Flash, ilustracións, gráficos, etc. que formen parte do recurso para facilitar calquera modificación, tradución ou adaptación futura.

h) Relación asinada do material que se presenta.

2. Presentación de documentación.

Esta documentación, anexos, así como as dúas copias en CD-ROM do material e a memoria correspondente presentaranse en sobre pechado no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se envíe por correo certificado, a documentación que se deberá xuntar ao traballo terá que ser datada e cuñada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

De conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando non se achegue a documentación exixida, as persoas interesadas serán requiridas para a súa presentación nun prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación efectuada.

3. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 15 de setembro de 2008.

Artigo 7º.-*Comisión de selección.*

1. Os materiais presentados que se axusten a esta convocatoria serán valorados por unha comisión presidida pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes vogais:

-A persoa titular da Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información, ou persoa en quen delegue.

-A persoa titular da Subdirección Xeral de Sistemas de Información da Educación, ou persoa en quen delegue.

-A persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación Educativa, ou persoa en quen delegue.

-A persoa titular do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa.

-A persoa titular do Servizo de Desenvolvemento da Sociedade da Información.

-Catro asesores técnicos das consellerías implicadas.

-Un funcionario ou funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles materiais que coiden pertinentes.

Artigo 8º.-*Criterios de selección.*

Para a valoración dos materiais presentados, a comisión basearase nos seguintes aspectos de calidade técnica e contido educativo segundo as distintas modalidades:

Modalidade A: ferramentas de autor.

-Facilidade de uso por parte do profesorado, incluído aquel con escasos coñecementos técnicos (25%).

-Calidade técnica do material xerado pola ferramenta (25%).

-Variedade de actividades que se poden deseñar coa ferramenta (25%).

-Calidade da documentación, con explicacións exhaustivas e claras que favorezan o emprego da ferramenta (25%).

Modalidade B: materiais web.

-Deseño pedagóxico, relevancia e volume dos contidos respecto ao total do currículo da materia, así como cantidade de exemplos, actividades e suxestión de diferentes aplicacións didácticas na aula (20%).

-Aproveitamento pedagóxico de todas as potencialidades das tecnoloxías empregadas, facilidade de manexo, calidade do deseño gráfico, interactividade (20%).

-Estrutura do material que permita a gradación da aprendizaxe en diferentes niveis e propostas pedagóxicas que ofrezan distintos niveis de aprendizaxe (20%).

-Competencias básicas que desenvolve (20%).

-Nivel de accesibilidade da aplicación para as persoas con algunha discapacidade (20%).

Modalidade C: vídeos e galerías de imaxes.

-Aproveitamento didáctico das imaxes ou vídeos presentados (20%).

-Calidade técnica e artística das fotografías, ilustracións ou filmacións (20%).

-Contribución a unha visión global do tema escollido (20%).

-Posibilidade de traballo sobre distintas competencias básicas (20%).

-Que as imaxes estean xeolocalizadas, especialmente se se trata de fotos relacionadas con paisaxe, natureza, monumentos... (20%).

Modalidade D: aplicacións de software libre.

-Calidade do desenvolvemento e da documentación, así como o uso apropiado da Forxa (20%).

-Innovación da proposta presentada (20%).

-Índice de comunidade: grao de reusabilidade, estratexia de difusión empregada, relación con outras comunidades, participación na lista de correos, etc. (15%).

-Posibilidade de usarse en multiplataforma (15%).

-Interese da aplicación para a comunidade educativa (30%).

Artigo 9º.-*Resolución.*

1. A proposta de concesión de premios emitida pola comisión elevaráselle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*, logo da presentación polos beneficiarios da súa declaración de que o material presentado é inédito ou, polo menos, non foi comercializado, e de que non obtivo ningún premio desde que se presentou a esta convocatoria.

2. Contra esa resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante a sala do contencioso-administrativo

do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. As solicitudes entenderanse desestimadas se non foron resoltas no prazo de tres meses unha vez finalizado o prazo máximo de presentación de solicitudes.

Artigo 10º.-*Certificación.*

A Administración educativa recoñeceralle ao profesor autor dos traballos premiados, mediante expedición de certificado persoal, as actividades de innovación realizadas no marco desta convocatoria. Tales traballos terán a equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado, ao abeiro do artigo 28 da Orde do 1 de marzo de 2007, pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións (DOG do 11 de abril). Nas autorías colectivas, a equivalencia en horas de formación permanente do profesorado distribuirase entre o profesorado para o cal se declare unha participación igual ou superior ao 25%, segundo as porcentaxes declaradas na solicitude, cunha certificación individual non inferior a 10 horas.

Artigo 11º.-*Pagamento dos premios.*

1. O pagamento do importe correspondente aos premios farase por transferencia bancaria a nome do autor ou autora se o traballo é individual. No caso de que sexa colectivo, o pagamento faráselle a todos os integrantes do grupo segundo as porcentaxes de participación declaradas na solicitude.

2. Os premios estarán suxeitos á retención fiscal correspondente.

3. Os/as destinatarios/as dos premios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 12º.-*Difusión e publicación dos materiais premiados.*

1. A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión, a favor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Innovación e Industria, dos dereitos de explotación.

No caso de que os autores decidisen difundir por outras vías os traballos premiados, deberán contar coa autorización expresa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Innovación e Industria, e indicar o premio de que foi obxecto.

2. Os/as autores/as quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e a subministrar os ficheiros de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

Artigo 13º.-*Retirada da documentación.*

Os interesados, ou os seus representantes poderán retirar a documentación e os materiais non premiados na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa no prazo de catro meses a partir da publicación da resolución de concesión desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o citado prazo, procederase á súa destrución, agás os que sexan obxecto de recurso.

Disposición adicional

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as consellerías convocantes publicarán nas súas páxinas web oficiais a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. A presentación da solicitude comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Delegación de competencias.

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Recursos.

Contra esta orde os interesados poden interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación
e Industria

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación
e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PREMIOS A RECURSOS EDUCATIVOS PARA A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED313G	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

Modalidade A Modalidade B Modalidade C Modalidade D

TÍTULO DO TRABALLO

COORDINADOR/A-PERSOA DE CONTACTO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	NRP
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEZEZO		PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELEFAX	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONTA CORRENTE PERSOAL		CÓDIGO DO CENTRO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CENTRO EDUCATIVO		ENDEZEZO DO CENTRO		
<input type="text"/>		<input type="text"/>		
CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL			PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	
<input type="text"/> @edu.xunta.es			<input type="text"/>	

OUTROS/AS PARTICIPANTES

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	NRP
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONTA CORRENTE PERSOAL		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CENTRO EDUCATIVO		CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL		
<input type="text"/>		<input type="text"/> @edu.xunta.es		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	NRP
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONTA CORRENTE PERSOAL		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CENTRO EDUCATIVO		CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL		
<input type="text"/>		<input type="text"/> @edu.xunta.es		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	NRP
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONTA CORRENTE PERSOAL		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CENTRO EDUCATIVO		CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL		
<input type="text"/>		<input type="text"/> @edu.xunta.es		

Lugar e data

, de de 200

Sinatura dos/as participantes:

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** autoriza a consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde conxunta do 8 de maio de 2008, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Innovación e Industria, pola que se convocan premios a recursos educativos para a sociedade da información para o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos para o ano 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar e data</i> , de de 200		DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

ANEXO II

MODELO PARA CERTIFICAR A PERTENZA AO CENTRO DO AUTOR/A OU COAUTORES/AS

	con DNI nº		como director/a
do centro		da localidade de	
Código			

CERTIFICO

Que as persoas que figuran a continuación teñen vinculación con este centro, como profesorado deste durante o curso académico 2007/2008:

<i>NOME</i>	<i>NIF</i>

Lugar e data

, de de 200

SINATURA E SELO DO CENTRO (*)

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

ANEXO III

MODELO DE CERTIFICADO DE ORIXINALIDADE

	<i>NIF</i>

DECLARAN

Estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, materiais ou produtos presentados; que o traballo presentado é orixinal, non comercializado nin premiado con anterioridade; que posúen os dereitos e licenzas necesarios de uso e de reprodución do código, texto, imaxes, fontes tipográficas e recursos multimedia incluídos nel.

AUTORIZAN

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, no caso de resultaren premiados, a que reproduzan, publiquen ou aloxen nos seus servidores de información o traballo presentado.

Lugar e data

, de de 200

O AUTOR / OS AUTORES
SINATURA (*)

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

ANEXO IV

SOLICITUDE DE PERMISO PARA UTILIZAR A IMAXE DE MENORES (*)

[] con DNI nº [] e con enderezo en [] da localidade de [] CP [] provincia [] pai/nai/titor de [] alumno/a do centro [] con DNI (1) [].

AUTORIZA o equipo de traballo coordinado por [] á publicación da imaxe do seu fillo/a [] no recurso educativo [] que se poderá ver nas páxinas web da Consellería de Educación Universitaria e da Consellería de Innovación e Industria.

Este material didáctico, de carácter universal, gratuito e aberto, está exclusivamente suxeito a un uso educativo e non comercial. As accións e produtos derivados da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro.

, de de 200

SINATURA

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

(1) No caso de que o teña.

ANEXO V

Requisitos técnicos do material presentado a concurso

1. Requisitos técnicos xerais dos materiais en contorno web.

-Os materiais en contorno web executaranse a parti dunha páxina inicial index.html. Todas as ligazóns internas serán relativas.

-Cumprirán os requisitos de accesibilidade do nivel A segundo as recomendacións da WAI (*web accessibility initiative*).

-A navegación principal desenvolverase en HTML segundo os estándares W3C. Cando se usen elementos interactivos noutras linguaxes como Flash ou similares, deberán ser elementos finais, e non afectar a navegación.

-Se as páxinas inclúen compoñentes multimedia que requiren unha instalación de módulos adicionais no navegador, deberanse advertir isto na páxina inicial e indicar as instrucións de descarga, instalación e configuración necesarias.

-Usarán follas de estilo (CSS).

-Para asegurar a compatibilidade do material presentado cos servidores web, os nomes de todos os arquivos ou carpetas deberán conter unicamente letras minúsculas (agás o ñ), números, guións baixos e puntos. Non se aceptará ningún traballo onde os nomes dos ficheiros conteñan letras maiúsculas, eñes, acentos, espazos en branco ou outros caracteres especiais.

-A documentación (memoria, guías didácticas, instrucións de uso, etc.) virá en formato de ficheiro

aberto (PDF, ODF, RTF...) evitando o uso de formatos propietarios.

-Asegurarán a compatibilidade coas últimas versións dos navegadores e sistemas operativos máis usados.

-Facilitarán a navegación presentando en todas as páxinas un menú que permita o acceso rápido ao resto dos contidos do recurso, e mediante iconas ou texto indicaranlle a quen navega en que sección se encontra, onde pode ir, como pode volver á páxina principal, etc.

-No caso de páxinas dinámicas, baseadas en linguaxes de programación de páxinas web en modo servidor, só se admitirán traballos baseados en linguaxe PHP e base de datos MySQL en codificación UTF-8. Neste caso, á parte do material propiamente dito, incluírase no CD o ficheiro coa envorcadura da base de datos. Deberán usar unha única base de datos, dentro da cal poderán crear as táboas que sexan necesarias, e un único ficheiro de configuración no que se indique o usuario, o contrasinal e o nome da base de datos, de modo que sexa doada a súa posta en marcha en calquera servidor.

-Terase presente que o proxecto presentado, sexa na modalidade que sexa, deberá ser compatible cos servidores da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A infraestrutura dispoñible sobre a cal se deben poder executar é a seguinte:

-Servidor Web Apache 2.2.

-PHP 5.2.

-MySQL Server 5.

2. Requisitos técnicos específicos para a modalidade C:

As galerías de imaxes presentadas dentro da modalidade C cumpriran obrigatoriamente os seguintes requisitos.

-Contar cun mínimo de 75 imaxes.

-As imaxes deberán vir libres de marcas de auga.

-Virán presentadas en contorno web, en formato JPEG, en tres tamaños, de xeito que aparezan páxinas iniciais a modo de índice en que se inclúan as miniaturas das fotos, permitan o acceso directo a cada unha delas en formato mediano e possibiliten a descarga da versión de maior resolución (mínimo 2Mpx).

-Cada imaxe deberá ir acompañada dun pé de foto suficientemente explicativo: motivo, aplicación didáctica, data e lugar (se é significativo).

-Preferentemente virán xeoetiquetadas*, especialmente cando se trate de fotos relacionadas con paisaxe, natureza, monumentos...

Os vídeos dixitais presentados dentro da modalidade C cumpriran obrigatoriamente os seguintes requisitos:

-O tamaño da pantalla será formato PAL (720x576).

-A duración será de 8-10 minutos como máximo.

-A velocidade de 25 fps.

-Deberase procurar un compromiso entre a calidade e o tamaño do arquivo.

-As imaxes deberán ser orixinais. No caso de usar imaxes alleas, nunca poderán superar o 10% da duración total do vídeo.

3. Requisitos técnicos específicos para a modalidade D:

-Será requisito obrigatorio a utilización de licenzas libres como a EUPL, GPL da FSF ou calquera outra das recollidas na *Open Source Initiative* (<http://www.opensource.org/licenses/>).

-Obrigatoriamente usarase como plataforma de desenvolvemento a Forxa de software libre de mancomunado: <http://forxa.mancomun.org>.

-Todas as aplicacións deberán ir acompañadas da correspondente documentación de usuario, así como dunha descrición funcional que permita e facilite o desenvolvemento por terceiros. A documentación tamén estará publicada baixo unha licenza libre.

4. Recomendacións.

Co fin de facilitar a publicación na web, recoméndase consultar a Guía de boas prácticas para a publicación en web, dispoñible no portal galego de contidos educativos, no enderezo http://www.edu.xunta.es/contidos/guia_boas_practicas/.

En todas as modalidades poderán utilizarse os recursos existentes na Iniciativa Galega polo Software Libre: Mancomun.org, da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

* Poden consultar unha guía introdutoria ao xeoposicionamento de fotografías no portal galego de contidos educativos, no enderezo:

http://www.edu.xunta.es/contidos/guia_xeoposicionamento/

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 4 de abril de 2008 sobre a aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual número 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Tomiño, de creación da ordenanza de bloque aberto e ordenación das áreas de repartición número 1 e número 2.

O Concello de Tomiño remite o proxecto de modificación puntual referido, para a súa aprobación definitiva, conforme o artigo 85.5º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro (LOUG).

I. Antecedentes.

1. O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Tomiño foi aprobado definitivamente o 29-3-2001.

2. Antecedentes na tramitación desta modificación puntual:

a) O 28 de decembro de 2005, a Dirección Xeral de Urbanismo emitiu informe previo á aprobación inicial, dun proxecto anterior de modificación.

b) O 14 de xullo de 2006, a Dirección Xeral de Urbanismo emitiu informe previo á aprobación inicial, no que se realizaron unha serie de observacións.

c) A modificación puntual foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión do 28 de abril de 2007. Foi sometida a información pública mediante publicación de anuncios nos xornais *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo* o 10 de maio de 2007 e mediante publicación no DOG nº 95, do 18 de maio e no BOP nº 99, do 23 de maio de 2007. Deuse audiencia aos municipios limítrofes de Gondomar, O Rosal, Oia e Tui.

d) No expediente da modificación puntual constan os informes sectoriais:

-Decisión do 17 de abril de 2007, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratéxica.